



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN EN APOIO AS DEMANDAS DO PERSOAL DE POLÍTICA SOCIAL

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción en apoio as demandas do persoal de Política Social.

Exposición de motivos

Hai dous meses saíamos as fiestras das nosas casas a romper o silencio cos nosos aplausos dirixidos a todo o persoal que estaba a traballar durante a crise sanitaria da Covid-19 e en especial aos traballadores e traballadoras sanitarios que coidábannos día tras día, sen importar as condicións nas que o facían. Coidaban de nos e tamén dos nosos maiores, unha xeración vulnerable non só ante a pandemia que estamos a vivir se non tamén fronte ao propio envellecemento no que se precisan atencións e asistencia digna e de calidade.

Hoxe, tamén debemos saír a rúa, pero esta vez cóbado con cóbado con ese persoal que traballa nos servizos sociais públicos, pois é o momento de mostrarlles que o seu traballo ten moito mais valor que o que otórganlle as súas condicións laborais mermadas dende 2012 pola modificación do V Convenio Colectivo Único por parte do goberno galego de

Alberto Núñez Feijoo, o recién elixido presidente da Xunta de Galicia. Esta modificación supuxo a redución dos descansos de todo o cadro de persoal, sumado á non reposición das prazas vacantes, tradúcese nunha excesiva carga de traballo que conleva o resentimento tanto físico coma psicolóxico dos traballadores e traballadoras.

No marco do Estatuto de Autonomía establécese expresamente como competencia exclusiva de Galicia a asistencia social, no seu artigo 27, punto 23, o que significa que debemos velar por uns servizos sociais 100% públicos que sexan capaces de atender con dignidade e calidade o último tramo de vida dos nosos maiores. Polo que non podemos deixar que os traballadores e traballadoras que realizan esta tarefa non estean sostidos por unhas condicións económico-laborais que lles permitan realizar o seu traballo nunhas condicións apropiadas e dunha maneira xusta.

Xa deberían de ter recuperado vai moito os seus dereitos arrebatados no 2012 coa escusa da crise económica, na que se recortaron servizos públicos, mentres crecían os privados; pero agora, despois do esforzo titánico que o persoal sanitario realizou durante a pandemia, é o momento de que recuperen dunha vez por todas eses dereitos e gocen dos descansos necesarios entre quenda e quenda, poidan compensar os domingos e festivos, non atopen impedimentos para desfrutar dos seus días de libranza, cúbranse as prazas vacantes e deixen de soportar unha carga de traballo extenuante motivada pola escaseza de persoal, xa que todo iso, non so repercute nas vidas e traballo do cadro de persoal se non que a súa última consecuencia é a atención aos usuarios dos centros que se ve afectada de forma directa nas residencias de maiores, centros de menores, centros de día e todos aqueles que prestan unha atención especial aos colectivos mais vulnerables.

Por todo iso, Ferrol en Común quere amosar o seu total apoio ao persoal de Política Social facéndose eco das súas mais que xustas reivindicacións e instando á Xunta de Galicia a:

- Defender os servizos sociais públicos e de xestión directa, incrementando as prazas e os cadros de persoal.
- Recuperación dos dereitos laborais recortados no ano 2012, recoñecendo e compensando o traballo en domingos e festivos, garantindo 2 días de descanso semanal, etc.
- Eliminación da taxa de reposición para eliminar a elevada temporalidade.
- Máis prazas públicas nas residencias de maiores.

Ferrol, 27 de xullo de 2020

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común